

CPR Divino Maestro

15026649

NOME DO CENTRO CPR DIVINO MAESTRO

CÓDIGO DO CENTRO 15026649 LOCALIDADE A POBRA DO CARAMIÑAL

DOCUMENTO GUIA

INDICE

1. Xustificación
2. Calendario Escolar
3. Adaptación da actividade
4. Identificación do alumnado desconectado ou non localizable
5. Plan de recuperación do vínculo escolar e de reforzo
 1. Identificación do alumnado desconectado ou non localizable
 2. Proceso de comunicación. Mantemento do vínculo escolar e de reforzo
6. Titoría e Orientación
7. Currículo e programación didácticas
8. Adaptación das programación didácticas
9. Avaliación, promoción e titulación
10. Documentos de avaliación
11. Liñas xerais para a preparación do curso 2020-21
12. FORMACION PROFESIONAL
 1. Criterios de avaliación
 2. Criterios de promoción no réxime ordinario
 3. Criterios de titulación

ANEXO I Adaptación da programación de cada módulo formativo

MADG01 – CM Xestión administrativa: 1º e 2º curso

ADG01B – FPB Servizos Admnsitrativos: 1º curso

1. Xustificación

Aplicación das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Calendario escolar

Continuarase coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender. Ata o 19 de xuño segundo o calendario escolar aprobado para o curso 2019/2020.

3. Adaptación da actividade

As actividades lectivas por agora a distancia integráranse coas presenciais que puidesen levarse a cabo.

A adaptación da actividade a distancia continuárase seguindo as directrices do Documento: *ATENCIÓN AO ALUMNADO DO CENTRO EN APLICACIÓN DAS INSTRUCIÓN DO 13 DE MARZO DE 2020, PROVISIONAIS DIRIXIDAS ÁS DIRECCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO SOBRE A CONCRECIÓN DAS MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA PANDEMIA COVID-19 PARA OS VINDEIROS 14 DÍAS NATURAIS CONTADOS DENDE O 16 DE MARZO DE 2020.*

4. Plan de Plan de recuperación do vínculo escolar e de reforzo

1. Identificación do alumnado desconectado ou non localizable

Identificarase ao alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa posible.

O/a titor/a será o encargado/a de comunicarse cos alumnos que se retrasen ou non participen na formación, **o profesorado compartirá un arquivo no que cada un irá anotando a participación e resultados da formación de cada alumno**. As persoas titora en colaboración co resto do claustro identificarán o alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable seguindo o procedemento para os alumnos que non participan:

En primeiro lugar os/as titores/as valorarán o motivo da non participación, aseguraranse de que poden realizar a formación, de que a falta de participación non é por falta de equipo ou conexión adecuado, se fose o caso se comunicará a dirección, que iniciará o procedemento de préstamo o antes posible para que o/a alumno/a se reincorpore a formación o mais rápido posible.

O alumnado conta con conexión a internet a maioría a través da conexión dispoñible no fogar familiar ademais da conexión móbil, as dificultades detectadas son mais do tipo de falta de equipos informáticos, a medida tomada polo centro é a de subministrar en préstamo o equipo ou a parte do equipo que o alumno precise, co seguinte procedemento:

1º O/a titor/a identifica o/a alumno/a e a dirección ponse en contacto co alumno que necesita o equipo e se lle envía por correo electrónico o documento de cesión en préstamo.

2º Unha vez que o alumno acepta o préstamo o centro poñerase en contacto co concello para solicitar o servizo de traslado do equipo dende o centro ata a residencia do alumno a través de protección civil.

2. Proceso de comunicación. Mantemento do vínculo escolar e de reforzo

Prepararanse plans específicos de recuperación do vínculo escolar e de reforzo que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa

posible. Os centros darán traslado de ditos plans específicos á inspección educativa.

O proceso de comunicación de maneira preferente co alumnado seguirá o seguinte orde preferente.

1º Plataforma Moodle coas súas ferramentas de comunicación: mensaxería interna, mail, foros, chat... *onde se colgan as explicacións, as tarefas, as correccións e ademais é onde quedan gardados os rexistros dos alumnos e dos profesores.*

2º Notificación correo electrónico

3º Abalar Móbil

2º Telefonicamente

4º Webex

5º Mensaxería instantánea

6º Vídeo chamadas como parte de integración e socialización formando un foro activo.

Sendo a primeira comunicación co/a alumno/a e se non reacciona a comunicación será cos pais nos casos dos menores de idade. (OS TITORES CONTACTARAN POR TELÉFONO DIRECTAMENTE)

Para dar resposta á diversidade, tomamos as seguintes opcións educativas:

- Axustar a axuda pedagóxica ás necesidades do alumno.
- Mostrar ó alumno estratexias ou recursos variados, que incidan no desenvolvemento da súa capacidade para aprender.
- En relación á motivación, facilitarlle experiencias positivas nas tarefas de aprendizaxe.
- Ofrecerlle contidos que posúan significado lóxico e sexan funcionais para el.
- Ter en conta o estilo de aprendizaxe de cada alumno: Reflexivo ou impulsivo; analítico ou sintético; a súa modalidade sensorial preferente; o nivel de atención á tarefa; o tipo de reforzo ou agrupamento.

- Prestar atención ós intereses diversos dos alumnos no referente á súa orientación laboral e de estudos.

6. Tutoría e Orientación

Como ven recollido na PXA e coas variacións recollidas nos apartados anteriores, seguindo as directrices de repaso, reforzo e recuperación coa mínima intervención docente. Especialmente os *seguintes puntos sobre a orientación educativa*:

A súa finalidade é proporcionar o desenvolvemento persoal dos alumnos e capacidades para tomar decisións sobre o seu futuro académico e profesional.

A orientación ten carácter persoal e educativa: contribúe á formación integral do alumno; facilita o seu auto coñecemento; favorece o desenvolvemento de criterios persoais.

A orientación debe ofrecer ó profesor de forma permanente información sobre a súa integración social, a súa situación respecto ó proceso de aprendizaxe, as súas posibilidades, a súa madurez e desenvolvemento atinxido.

Trátase dunha orientación académica e profesional que supón: facilitar oportunidades de aprendizaxe; experiencia persoal relacionada co mundo do traballo e do entorno social.

O titor é o responsable directo da comunicación e do seguimento do conxunto de actividades en relación a un grupo de alumnos, ás súas familias e ó resto de profesores do grupo.

Inclúndose os seguintes procedementos:

- 1. Informará ao alumnado das medidas tomadas pola dirección do centro contidas neste plan e indicarlle onde se atopa publicado este documento guía para a súa consulta pública.**
- 2. As persoas titoras serán as encargadas de resolver as dúbidas plantexadas polo alumnado respecto as indicacións contidas neste documento guía.**
- 3. A información transmitirase de maneira formal, evitando información incompleta ou xerar calquera tipo de desinformación, mediante os medios**

formais coma correo, plataforma ou abalar móbil asegurándose de que se produce a comunicación efectiva co alumnado, utilizando medios axeitados para que se produza un rexistro da comunicación efectiva feita ao alumnado.

4. As persoas titoras terán a obrigaón de informar periodicamente ao resto do claustro do estado, incidencias, situacións, avances, desconexións e calquera outro asunto que lle poida afectar ao alumnado.
5. O seguimento do alumnado farase de maneira periódica, e mediante procedementos formais de xeito que quede rexistrada semanalmente de forma conxunta, sendo a persoa titora a responsable de recadar e transmitir a información.
6. Utilizarase unha ferramenta colaborativa onde o profesorado como instrumento un documento compartido onde cada docente poida facer as anotacións pertinentes referidas a cada alumno/a cuantificando e cualificando o traballo xunto coas ferramentas da plataforma.
7. Fará especial seguimento daqueles alumnos con dificultades de acceso a medios tecnolóxicos seguindo as pautas establecidas no plan de recuperación do vínculo escolar e de reforzo.
8. Especial atención ao alumnado no que se observa desconexión, procedendo inmediatamente o contacto coa familia e co alumnado, levando a cabo as medidas oportunas para a súa reconexión.
9. Partindo do seguimento periódico establecido sobre o alumnado a persoa titora irá confeccionado un informe individualizado periódico do mesmo para ir vendo a evolución que se produza e será posto en coñecemento do resto do profesorado de xeito quincenal.
10. Ao remate do actual curso académico farase un informe de avaliación final que recolla o diagnóstico dos resultados de aprendizaxes esenciais acadados neste curso, así como, aqueles que desenvolverán para o vindeiro curso académico e que servirá de base para iniciar o traballo do próximo curso 20-21.

7. Currículo e programación didácticas

O profesorado elaborará a adaptación da programación no terceiro trimestre segundo modelo recibido da consellería, desenvolveranse actividades de recuperación, repaso,

reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado.

A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente tomando en conta currículo de ciclo medio de formación profesional do título de Técnico en xestión administrativa, e Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Servizos Administrativos.

Con respecto ao alumnado que non superou algún dos módulos , atópase na situación de elaboración das actividades específicas propostas para levar a cabo o plan de recuperación no período correspondente establecido, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo. A este efecto habilitarase un bloque de recuperación para cada curso onde o profesorado incorporará as actividades recollidas no seu plan recuperación que o alumnado deberá entregar para recuperar o modulo non superado.

No segundo curso que conduce a unha titulación final de etapa seguiranse as instrucións correspondentes e a *GUÍA DE PROCEDIMENTOS SOBRE A REALIZACIÓN DO PLAN DE ACTIVIDADES ASOCIADAS Á CONTORNA LABORAL PARA A REALIZACIÓN DA FCT*.

O centro reforzará a imprescindible coordinación do profesorado á hora de adaptar as programacións, as actividades e os criterios de avaliación, co fin de evitar problemas como a sobrecarga de tarefas, a falta de acompañamento docente ou a desigualdade do apoio aos estudantes que lles poden prestar a súas familias, favorecendo a comunicación fluída entre os docentes, a través dos medios establecidos e da compartición de arquivos para que todos os docentes vaian coñecendo a participación do alumnado en tódalas asignaturas.

Tomando coma referencia os currículos de FP Técnico en xestión administrativa, e FP Básico de Servizos Administrativos.

8. Adaptación das programacións didácticas

As adaptacións das programacións didácticas recóllense nos *MODELOS DE ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIONES DIDACTICAS* recibido da Consellería e serán feitas polo

profesorado tendo en conta a flexibilización das mesmas pola situación na que nos atopamos. O profesorado elaborará as adaptacións das programacións.

Os departamentos didácticos, os equipos de ciclo e os equipos docentes de cada curso, baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do titor ou titora de curso, adaptarán a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, áreas, materias ou módulos integrados no departamento, que será o referente para o profesorado que imparta a mesma área, materia, módulo ou ámbito no centro educativo.

Identificaranse as aprendizaxes (estándares de aprendizaxe, ou no seu caso resultados de aprendizaxe) e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia, área, módulo ou ámbito, que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

Establecerase o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Detallaranse os criterios de avaliación e cualificación e establécense as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

Información e publicidade. A información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

9. Avaliación, promoción e titulación

Os centros e o profesorado adaptarán o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, tendo en conta de maneira especial a situación dos estudantes máis vulnerables.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

As persoas titoras emitirán un informe individual valorativo do traballo realizado polos seus alumnos e alumnas no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021.

A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

A titulación do alumnado non poderá verse prexudicada polo cambio na metodoloxía na aprendizaxe non presencial. Os centros educativos revisarán e flexibilizarán os criterios de titulación en todas as etapas educativas.

10. Documentos de avaliación

Nos documentos oficiais de avaliación quedarán recollidas, ademais da norma pola que se establece o currículo correspondente de cada ensino, a **normativa específica básica e autonómica que recolla as medidas de flexibilización que, con carácter excepcional durante o curso 2019-2020, se aplicasen**, de maneira que os documentos de avaliación dean conta do marco regulamentario no que se desenvolveu a avaliación e a adopción de decisións de promoción ou titulación e estean debidamente regularizados.

11. Liñas xerais para a preparación do curso 2020-21

Os centros e o profesorado organizarán plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020-2021, co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente dos máis atrasados.

Ditos plans **estarán baseados nos informes individualizados que se emitan ao final do presente curso e nas eventuais avaliacións iniciais que puidesen realizarse.**

A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias.

Deberán adoptarse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles dificultase adquirir.

Criterios de permanencia

Autorízase, de xeito xeral, a ampliación nun ano do límite de permanencia nestas ensinanzas daquel alumnado que se vise afectado polas circunstancias deste curso escolar.

12. FORMACIÓN PROFESIONAL

1. Criterios de avaliación

Primeiro curso de réxime de ordinario:

O centro autoriza a ubicación dos resultados de aprendizaxe asociados a un módulo formativo que resulten esenciais e que non puideron desenvolverse debido ás circunstancias excepcionais deste curso noutro módulo profesional diferente, contemplados no documento 5, incluíranse en 2.º curso, nas programacións didácticas dos centros.

Segundo curso:

Flexibilizaranse e adaptaranse os criterios de avaliación dos módulos profesionais de formación en centros de traballo e de Proxecto (segundo a guía de procedemento presentada), no seu caso, atendendo ás especiais circunstancias e á dificultade da súa realización por parte del alumnado. Así mesmo, en relación ao desenvolvemento da FCT e do módulo de Proxecto estarase ao disposto na Resolución do 23 de abril de 2020.

Procedementos de avaliación

Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020, recollidos nas adaptacións das programacións.

A) Modalidade presencial:

As probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico e formativo, realizaranse polo mesmo mecanismo co que cada centro viñera comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe dende a suspensión da actividade presencial

Así mesmo, a avaliación de cada módulo profesional realizarase atendendo ao carácter continuo da mesma, e tendo en conta o regulado no artigo 27.3 da Orde de 12 de xullo de 2011, a partir das avaliacións anteriores e ás actividades desenvoltas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.

2. Criterios de promoción no réxime de ordinario

Durante o curso 2019-2020 flexibilizaranse, de xeito excepcional, os criterios de promoción en todas as ensinanzas de Formación Profesional, no réxime ordinario. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional.

Non serán tidas en conta as limitacións para pasar de curso que afecten a módulos pendentes.

A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás competencias profesionais do título, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles tivera dificultado adquirir, recollidas nas adaptacións das programacións.

3. Criterios de titulación

Na Formación Profesional Básica, flexibilizaranse os criterios de titulación, atendendo ao carácter continuo, formativo e integrador da avaliación destas ensinanzas.

Respecto á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria por parte deste alumnado, teranse en conta criterios de flexibilización similares aos aplicados en 4.º de ESO a efectos de titulación.

No caso de ciclos de grao medio e grao superior, flexibilizáranse os criterios de titulación, atendendo a principios xerais de adquisición da competencia xeral do título e non da superación da totalidade dos módulos formativos, seguindo o art.4 DOG 226 de 24 de novembro de 2010 do Decreto 191/2010, de 28 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en xestión administrativa.